



## DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente: 941/2019 relacionado co 670/2019

**BASES E CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL EN PRÁCTICAS DE DÚAS PRAZAS CON TITULACIÓN EN CICLO SUPERIOR EN ASISTENCIA Á DIRECCIÓN, SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DENTRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” NOS CONCELLOS.**

Vista a aprobación da relación de concellos seleccionadas para participar como entidades colaboradoas no programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “o teu primeiro emprego” nos concellos, da Deputación de Pontevedra recibida no rexistro electrónico en data 24/07/2019 e con número de entrada 2019-E-RCC-1001.

Vistas as bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “o teu primeiro emprego” nos concellos promovido pola Deputación de Pontevedra e publicado no BOPPO nº92, do 15 de maio de 2019.

Visto o Decreto de Alcaldía de aprobación da solicitude do programa de “o teu primeiro emprego” a Deputación de Pontevedra, con nº 2019-380 e data 11/06/2019.

Visto certificación da Secretaría-intervención da existencia de financiamento suficiente nas aplicacións orzamentarias para custear a parte non subvencionada pola Deputación de Pontevedra, con data 12/06/2019.

Esta Alcaldía de conformidade coas atribucións do seu cargo, RESOLVE:

**Primeiro.-** Aprobar as seguintes bases e convocatoria para a contratación laboral en prácticas de DÚAS prazas con titulación en ciclo superior en “asistencia á dirección” para realización do programa “o teu primeiro emprego 2019”:

**Base primeira.-** Obxecto

A Deputación de Pontevedra, concedeu ao Concello de Pazos de Borbén, unha subvención por importe de 5.700,00 euros para a realización do programa “o teu primeiro emprego 2019” ó abeiro das bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “o teu primeiro emprego” nos concellos ( publicado no BOPPO nº92, o 15 de maio de 2019).

O Concello de Pazos de Borbén dispón de financiamento suficiente nas aplicacións orzamentarias para custear a parte non subvencionada pola Deputación de Pontevedra.

Polo tanto o obxecto da presente convocatoria e a selección para cubrir DUAS prazas de persoal laboral en prácticas para realización do programa “o teu primeiro emprego” subvencionado programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “o teu primeiro emprego” nos concellos promovido pola Deputación de Pontevedra e publicado no BOPPO nº92, do 15 de maio de 2019.





#### Base segunda.- Tipo de contrato.-

Estas bases regulan o proceso de selección para contratar, con carácter laboral en prácticas dúas prazas, de duración 6 meses, coa titulación de ciclo superior en asistencia á dirección, grupo de cotización 3, código de ocupación A.

As retribucións salariais brutas, incluídas as prorratas das pagas extras son:

- Salario bruto incluídas as pagas extras .....=1.050,00€
- S.S. a cargo da empresa... .....= 329,70€

#### Base terceira.-Sistema selectivo

A selección das persoas aspirantes realizarase a través do sistema de concurso.

De acordo coa base 14 do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “o teu primeiro emprego” nos concellos promovido pola Deputación de Pontevedra e publicado no BOPPO nº92, do 15 de maio de 2019, o Concello de Pazos de Borbén debe seleccionar persoas mediante a presentación da correspondente oferta na oficina do Servizo Público de Emprego do domicilio da entidade beneficiara, tendo en conta os seguintes principios xerais:

- A oferta non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios establecidos nestas bases.
- En ningún caso podrá incluírse nin admitirse como criterios de selección a experiencia laboral

A selección efectuarase entre demandantes de emprego desempregados ou co cartón de mellora de emprego, inscritos no Servizo Público de Emprego e que cumpran os requisitos esixidos para a formalización dun contrato en prácticas segundo a regulación contida no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

#### Base cuarta.-Publicidade do procedemento.-

Para garantir o principio de publicidade, ademais da solicitude de oferta a Oficina do Servizo Público de Galicia, publicaranse as bases desta convocatoria, o listado das persoas remitidas polo SEPEG e o listado de seleccionados na páxina web institucional [www.pazosdeborben.org](http://www.pazosdeborben.org), na sede electrónica [https://pazosdeborben.sedelectronica.gal](http://pazosdeborben.sedelectronica.gal), así como no taboleiro de anuncios sito nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén).

#### Base quinta.-Requisitos dos aspirantes.-

Para seren admitidos a realización do proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán posuír na data de finalización da presentación de solicitudes, e manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia permita o acceso ao emprego público.
- b) Ter cumprido dezaseis (16) anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto.





- d) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- e) Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa administración Pública.
- f) Non haber sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.
- g) Poseer a titulación en formación profesional superior en “asistencia á dirección” sen experiencia laboral previa segundo o artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

Base sexta.- Requisitos a cumprir segundo a subvención pola cal se solicita os fondos:

De acordo coa base 14 do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “o teu primeiro emprego” nos concellos promovido pola Deputación de Pontevedra e publicado no BOPPO nº92, do 15 de maio de 2019, o Concello de Pazos de Borbén debe seleccionar persoas mediante a presentación da correspondente oferta na oficina do Servizo Público de Emprego do domicilio da entidade beneficiara, tendo en conta os seguintes principios xerais:

- A oferta non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios establecidos nestas bases.
- En ningún caso podrá incluírse nin admintirse como criterios de selección a experiencia laboral.

A selección efectuarase entre demandantes de emprego desempregados ou co cartón de mellora de emprego, inscrtitos no Servizo Público de Emprego e que cumpran os requisitos esixidos para a formalización dun contrato en prácticas segundo a regulación contida no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

Base sétima.-Presentación das solicitudes e documentación.-

Os aspirantes que se relacionen no listado remitido polo SEPEG, podrán presentar a súa solicitude en instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Pazos de Borbén, anexo I, como data límite o día 9 de agosto de 2019. O SEPEG notificará aos candidatos da lista para que os que desexen presenten a solicitude e documentación correspondente aos criterios de inserción socio-laboral. Ademais o Concello de Pazos de Borbén publicará na páxina web institucional [www.pazosdeborben.org](http://www.pazosdeborben.org), na sede electrónica [https://pazosdeborben.sedelectronica.gal](http://pazosdeborben.sedelectronica.gal), así como no taboleiro de anuncios sito nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén) o listado de candidatos recibidos.

Unha vez que o SEPEG envíe a relación de candidatos emitirase Resolución da Alcaldía na que se faga constar a dita relación de candidatos a presentar solicitude de participación, nomeamento da persoas que constituirán o tribunal e data na que se constituirá o tribunal para realizar a valoración dos criterios establecidos na base oitava destas bases.





A instancia deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

- a) Copia dixitalizada do DNI.
- b) Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego.
- c) Copia dixitalizada do título de ciclo superior de “asistencia a dirección”
- d) Declaración xurada de cumpri-los requisitos descritos na base quinta letra c), d), e), f), necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade previstas na lexislación vixente, incluída na solicitude.
- e) Documentación xustificativa dos criterios obrigatorios segundo o base oitava destas bases.
- f) Informe de vida laboral.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello (Lugar de Pazos nº52 36841 Pazos de Borbén) en horario de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres, ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo funcionario de correos antes de ser certificadas. No caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do Concello, a persoa aspirante deberá dirixir por fax, ao número 986.49.71.46, unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo da solicitude, aos efectos de que poida ser incluída na relación de aspirantes ao proceso.

Base Oitava.- Procedemento de selección.-

Consistirá nunha valoración de criterios establecidos no anexo V das bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “o teu primeiro emprego” nos concellos, promovido pola Deputación de Pontevedra e publicado no BOPPO nº92, do 15 de maio de 2019, coas seguintes puntuacións:

- A.** Expediente académico, máximo 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo R.d. 1125/2003, de 5 de setembro e para os ciclos de formación profesional polo R.d. 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que na media dalgunha das titulacións convocadas non esta calculada polas normas referidas ou esta non se especifique valorarase con 0,00 puntos.

Acreditarase coa copia dixitalizada dos títulos e certificacións da notas.

- B.** Por ter doutoramento relacionado co contido da bolsa, 2,00 puntos máximo.
- C.** Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido da bolsa, 0,5 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto.
- D.** Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato en práctica, 0,5 puntos por título ata un máximo de 1 punto ( neste apartado no se terán en conta as





titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento).

- E. Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados polos sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua), ata un máximo de 2 puntos, que se computan do seguinte xeito:
- De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso.
  - De entre 100 a 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso.
  - De entre 60 a 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso
  - De entre 30a 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso.
  - De entre 10 a 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

Non se terán en conta os certificado ou diplomas nos que non se especifique as duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou curso de duración inferior a dez horas.

A documentación dos apartados anteriores acreditaranse con copia dixitalizada dos títulos ou certificados correspondentes.

O tribunal cualificador poderá requirirles ás persoal aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada así como tantas precisións estimen oportunas.

As persoas candidatas que accedan con titulación de licenciatura, arquitectura ou enxeñería ( títulos pre-Boloña) que teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

A participación neste proceso selectivo suporá, por parte dos solicitantes, a súa aceptación a formar parte da devandita lista enviada polo SEPE, nos termos da normativa vixente de protección de datos de carácter persoal, previstos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoais e Garantía dos dereitos dixitais, e informámoslle que os seus datos persoais serán rexistrados nos ficheiros automatizados do *CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN "FICHEIRO DE SELECCIÓN DE PERSOAL"* (BOPPO N°98, 23/05/2012), coa finalidade de xestionar a súa solicitude no proceso de selección. Mediante a facilitación dos seus datos persoais, os titulares dos mesmos consenten expresamente o tratamento dos mesmos coa finalidade de levar a cabo a tramitación do proceso selectivo no que solicita participar e xestionar a lista de reserva, chamamentos e nomeamentos que se deriven da mesma. Os seus datos non poderán ser cedidos, salvo cesións previstas na Lei. En todo momento poderá usar os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación ou oposición mediante un escrito dirixido a Concello de Pazos de Borbén, Rúa Pazos nº 52 - 36841 - Pazos de Borbén (Pontevedra) ou por e-mail a [concello@pazosdeborben.org](mailto:concello@pazosdeborben.org) , achegando en ambos os casos copia do D.N.I..

Si algunha das persoas incluídas na oferta solicita que non se inclúan os seus datos no citado ficheiro non poderá continuar no proceso de selección.





**Base novena.- Cualificación definitiva**

A cualificación dos aspirantes virá determinada pola suma dos puntos obtidos na base oitava.

En ningún caso se terán en conta outros méritos distintos dos alegados inicialmente polas persoas aspirantes na súa instancia de participación.

A Resolución definitiva das persoas aspirantes estará determinada pola puntuación final.

**Base décima.-Tribunal cualificador.-**

Os membros do tribunal serán designados polo Alcalde segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real Decreto 896/91, do 7 de xuño, así como no art. 60 do TREBEP e no art 59 da LFPG.

Presidente

Secretario con voz e voto

Vogais: 3 vogais.

Os/as membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó Alcalde cando concorra neles algunha circunstancia previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da citada Lei 40/2015.

Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as indemnizacións pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida e de conformidade co previsto no 29 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de Indemnizacións por razón de servizo.

**Base décimo primeira.- Relación de aprobados**

Unha vez realizadas a cualificacións finais publicaranse nos lugares establecidos na base cuarta, a relación, por orde de puntuación, das persoas aspirantes que aprobaron o proceso selectivo.

En caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza unha infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixente da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. En caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global, do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados.

**Base décimo segunda.- Lista de reserva.-**

Rematado o proceso selectivo, o grupo de traballo elaborará unha lista de reserva, con validez de cinco meses contados dende o inicio da contratación obxecto destas bases.

**Base décimo terceira.- Carácter vinculante das bases e incidencias**





As bases desta convocatoria vinculan a administración municipal, o tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo. O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderá optar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Base décimo cuarta.- Disposición final.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven dela e das actuacións do tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. A administración Municipal tamén poderá, no seu caso, revisalas resolucións do tribunal segundo o previsto na Lei 39/2015.

Segundo.- Publicar o texto íntegro das bases reguladoras na páxina web institucional [www.pazosdeborben.org](http://www.pazosdeborben.org), na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, así como no taboleiro de anuncios sito nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén).

Terceiro.- Solicitar o Servizo Público de Emprego de Galicia mediante a presentación da correspondente oferta nos modelos normalizados para os efectos un máximo 3 persoas por posto.

## ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL EN PRÁCTICAS DE DUAS CON TITULACIÓN EN CICLO SUPERIOR EN ASISTENCIA Á DIRECCIÓN SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DENTRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” NOS CONCELLOS.

Nome \_\_\_\_\_ Apellidos \_\_\_\_\_

DNI \_\_\_\_\_ Data de nacemento \_\_\_\_\_

Enderezo \_\_\_\_\_ Nº \_\_\_\_\_  
Piso \_\_\_\_\_

Poboación \_\_\_\_\_ Provincia \_\_\_\_\_  
C.P. \_\_\_\_\_

Teléfonos de contacto: \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_

E-mail : \_\_\_\_\_

Documentación:





- COPIA DIXITALIZADA DO DNI
- FOTOCOPIA DA TARXETA DE DEMANDANTE DE EMPREGO
- INFORME DE VIDA LABORAL ACTUALIZADA
- COPIA DIXITALIZADA DO TÍTULO DE CICLO SUPERIOR DE ASISTENCIA Á DIRECCIÓN
- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS SEGUNDO A BASE OITAVA DAS BASES.
  - \_\_\_\_\_
  - \_\_\_\_\_
  - \_\_\_\_\_
  - \_\_\_\_\_
  - \_\_\_\_\_
  - \_\_\_\_\_
  - \_\_\_\_\_

Así mesmo declaro por medio da presente e baixo a miña responsabilidade que :

- a) Posuír a capacidade funcional para o desempeño da tarefas propias do posto.
- b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- c) Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa administración Pública.
- d) Non haber sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.

### INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

#### *Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos*

- Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas*

*Información básica sobre protección de datos*

*Responsable: Concello de Pazos de Borbén*

*Finalidade: Tramitar procedementos e actuacións administrativas.*

*Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.*

*Destinatarios: Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.*







*Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.*

*Información Adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección:*  
<http://pazosdeborben.sedelectronica.gal/privacy>

- Presto o meu consentimento para que os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña poidan ser utilizados para o envío de información de interese xeral*

*Información básica sobre protección de datos nota 6*  
*Responsable Concello de Pazos de Borbén*

*Finalidade Principal: Informar sobre as actividades que se realizan polo Concello de Pazos de Borbén*

*Lexitimación: Consentimento*

*Destinatarios: Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.*

*Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.*

*Información Adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección*  
<http://pazosdeborben.sedelectronica.gal/privacy#note6>

- PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables*

*Firma*

*En Pazos de Borbén, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_*

**POLÍTICA DE PRIVACIDADE**





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN  
(PONTEVEDRA)

## **INFORMACIÓN ADICIONAL (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.e RGPD INTERESE PÚBLICO)**

*Quen é o responsable do tratamento dos seus datos persoais?*

### **Responsable**

*Identidade: Concello de Pazos de Borbén [P3603700J]*

*Dirección Postal: Lugar Pazos, 52. Pazos de Borbén. 36841 Pontevedra*

*Teléfono: 986497035*

*Correo electrónico: concello@pazosdeborben.org*

### **Delegado de Protección de Datos**

*Datos de contacto:*

*Trámite electrónico (pode consultar por nome de trámite na seguinte url:  
<http://pazosdeborben.sedelectronica.gal/dossier>)*

*Formulario de Contacto co Delegado de Protección de Datos*

*Correo postal: Rexistro Xeral. Lugar Pazos, 52. Pazos de Borbén. 36841 Pontevedra*

### **Con que finalidade tratamos os seus datos?**

*Nesta Entidade tratamos a información obtida coa finalidade de poder tramitar os expedientes administrativos e as actuacións derivadas deles.*

### **Por canto tempo conservaremos os seus datos?**

*Almacenamos os datos durante o tempo necesario para poder cumprir coas obrigación legais que encomenda a normativa administrativa, e sempre, cumprindo polo menos co tempo mínimo de conservación da información. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.*

### **Existencia de decisións automatizadas?**

*Esta Entidade pode tomar decisións automatizadas baseadas na cobertura legal que lle outorga o artigo 41 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de*

*Réxime Xurídico do Sector Público. Sería calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos no marco dun procedemento administrativo e na que non interveña de forma directa una persoa.*

*Deberá de regularse a toma de decisións automatizadas nunha normativa propia, definindo na mesma as especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade. Dita normativa estará a disposición dos cidadáns na sede electrónica desta Entidade.*

### **Cal é a lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais?**

*A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha misión que é realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.*

### **A que destinatarios comunicaranse os seus datos?**

*Os datos comunicaranse a outras Administracións Públicas sempre que sexa necesario para cumprir cos fins enumerados anteriormente, sempre que exista normativa legal que o ampare.*





*Ademais, a Entidade ten contratada a ferramenta XESTIONA con a empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL S.A. que é o encargado de o tratamento de os datos segundo o contrato de encargo asinado entre as partes.*

***Cales son os seus dereitos en relación cos datos facilitados?***

*Calquera persoa ten dereito a obter información sobre se nesta Entidade se están tratando os seus datos persoais ou non. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, o prazo de conservación dos seus datos, mesmo a obter una copia dos datos obxecto do tratamento.*

*Así mesmo, ten dereito de rectificación dos datos se son inexactos. (Por exemplo, pode solicitar una rectificación do seu domicilio, un cambio de nome, etc...)*

*Os interesados ten dereito á limitación do tratamento, para iso deberán de solicitalo ao responsable, o cal deberá de suspender o tratamento dos datos cando os cidadáns soliciten a rectificación ou supresión dos seus datos, ata que se resolva a súa solicitude. Os interesados poderán exercer o dereito de supresión (dereito ao esquecemento) sempre que se dean as circunstancias enumeradas no RGPD.*

*O afectado pode exercer o dereito a obter información ao tratamento, sempre por motivos relacionados coa súa situación persoal, coa excepción do que se acredite un interese lexítimo, ou sexa necesario para o exercicio ou defensa de reclamacións. Igualmente, cando o tratamento teña por obxecto a mercadotecnia directa.*

*O interesado terá dereito á portabilidade a obter os datos nun formato estruturado, de uso común e de lectura mecánica, e a transmitilos a outro responsable do tratamento cando o tratamento estea baseado no consentimento ou se efectúe por medios automatizados*

*Os interesados poderán exercer os dereitos enumerados nos parágrafos anteriores, a través dos formularios dispoñibles na sede electrónica desta entidade ou remitindo á mesma un escrito por correo postal.*

***Trámite electrónico (pode consultar por nome de trámite na seguinte url: <http://pazosdeborben.sedelectronica.gal/dossier>)***

***Solicitude de Rectificación, Oposición ou Cancelación dos Dereitos de Carácter Persoal  
Solicitude de Acceso á Información Pública polos Cidadáns***

***Cando podo exercer o dereito de reclamación ante a Autoridade de Control?***

*Poderá presentar reclamación ante a Autoridade de Control en materia de Protección de Datos competente, especialmente cando non obteña satisfacción no exercicio dos seus dereitos, mediante escrito dirixido á Axencia Española de Protección de Datos, C/Jorge Juan núm. 6, 28001 Madrid ou ben accedendo á súa sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>*

*Poderá acceder á política de cookies na sede electrónica da Entidade: <http://pazosdeborben.sedelectronica.gal/cookies>*

***INFORMACIÓN ADICIONAL (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.a RGPD CONSENTIMENTO)***

***Quen é o responsable do tratamento dos seus datos persoais?***





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN  
(PONTEVEDRA)

### **Responsable**

*Identidade: Concello de Pazos de Borbén [P3603700J]*

*Dirección Postal: Lugar Pazos, 52. Pazos de Borbén. 36841 Pontevedra*

*Teléfono: 986497035*

*Correo electrónico: concello@pazosdeborben.org*

### **Delegado de Protección de Datos**

*Datos de contacto:*

*Trámite electrónico (pode consultar por nome de trámite na seguinte url:  
<http://pazosdeborben.sedelectronica.gal/dossier>)*

*Formulario de Contacto co Delegado de Protección de Datos*

*Correo postal: Rexistro Xeral. Lugar Pazos, 52. Pazos de Borbén. 36841 Pontevedra*

### **Con que finalidade tratamos os seus datos?**

*Nesta Entidade tratamos a información obtida coa finalidade de poder enviar á interesados información de carácter xeral que poida serlles de utilidade.*

### **Por canto tempo conservaremos os seus datos?**

*Almacenamos os datos durante o tempo necesario para poder cumprir coas obrigación legais que encomenda a normativa administrativa, e sempre, cumprindo polo menos co tempo mínimo de conservación da información. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.*

### **Existencia de decisións automatizadas?**

*Esta Entidade pode tomar decisións automatizadas baseadas na cobertura legal que lle outorga o artigo 41 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Sería calquera acto ou actuación*

*realizada integramente a través de medios electrónicos no marco dun procedemento administrativo e na que non interveña de forma directa una persoa.*

*Deberá de regularse a toma de decisións automatizadas nunha normativa propia, definindo na mesma as especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade. Dita normativa estará a disposición dos cidadáns na sede electrónica desta Entidade.*

### **Cal é a lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais?**

*A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento, que foi informado, libre, específico e outorgado mediante unha manifestación que mostro a súa vontade de consentir, é dicir, de maneira inequívoca.*

### **A que destinatarios comunicaranse os seus datos?**

*Os datos comunicaranse a outras Administracións Públicas sempre que sexa necesario para cumprir cos fins enumerados anteriormente, sempre que exista normativa legal que o ampare.*

*Ademais, a Entidade ten contratada a ferramenta XESTIONA con a empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL S.A. que é o encargado de o tratamento de os datos segundo o contrato de encargo asinado entre as partes.*

### **Cales son os seus dereitos en relación cos datos facilitados?**



Cod. Validación: 6HGQHJKC342FDAS9MLX3PYE3 | Corrección: <http://pazosdeborben.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 13



*Calquera persoa ten dereito a obter información sobre se nesta Entidade se están tratando os seus datos persoais ou non. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, o prazo de conservación dos seus datos, mesmo a obter una copia dos datos obxecto do tratamento.*

*Así mesmo, ten dereito de rectificación dos datos se son inexactos. (Por exemplo, pode solicitar una rectificación do seu domicilio, un cambio de nome, etc.)*

*Os interesados ten dereito á limitación do tratamento, para iso deberán de solicitalo ao responsable, o cal deberá de suspender o tratamento dos datos cando os cidadáns soliciten a rectificación ou supresión dos seus datos, ata que se resolva a súa solicitude.*

*Os interesados poderán exercer o dereito de supresión (dereito ao esquecemento) sempre que se dean as circunstancias enumeradas no RGPD.*

*O afectado pode exercer o dereito a obter información ao tratamento, sempre por motivos relacionados coa súa situación persoal, coa excepción do que se acredite un interese lexítimo, ou sexa necesario para o exercicio ou defensa de reclamacións. Igualmente, cando o tratamento teña por obxecto a mercadotecnia directa.*

*O interesado terá dereito á portabilidade a obter os datos nun formato estruturado, de uso común e de lectura mecánica, e a transmitilos a outro responsable do tratamento cando o tratamento estea baseado no consentimento ou se efectúe por medios automatizados*

*Os interesados poderán exercer os dereitos enumerados nos parágrafos anteriores, a través dos formularios dispoñibles na sede electrónica desta entidade ou remitindo á mesma un escrito por correo postal.*

*Trámite electrónico (pode consultar por nome de trámite na seguinte url:  
<http://pazosdeborben.sedelectronica.gal/dossier>)*

*Solicitude de Rectificación, Oposición ou Cancelación dos Dereitos de Carácter Persoal  
Solicitude de Acceso á Información Pública polos Cidadáns*

*Cando podo exercer o dereito de reclamación ante a Autoridade de Control?*

*Poderá presentar reclamación ante a Autoridade de Control en materia de Protección de Datos competente, especialmente cando non obteña satisfacción no exercicio dos seus dereitos, mediante escrito dirixido á Axencia Española de Protección de Datos, C/Jorge Juan núm. 6, 28001 Madrid ou ben accedendo á súa sede electrónica:  
<https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>*

Mándo e asíno o Sr. Alcalde en Pazos de Borbén,

**O DECRETOU O SR. ALCALDE-PRESIDENTE O DÍA DA DATA DA SÚA SINATURA ELECTRÓNICA, DO QUE O SECRETARIO-INTERVFENTOR ACCIDENTAL DESTE CONCELLO, DOU FE, MEDIANTE SINATURA DIXITAL Á MARXE.**

